CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
7	Ecoloxía	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Identificar as funcións do solo.	PE	70
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Coñecer os compoñentes dun ecosistema.		
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos.		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental.		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles.	TI	30
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándooas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Táboa de indicadores Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando métodos científicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

Contidos

- Os ecosistemas:
- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.
- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.
- Exemplos da contorna.
- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.
- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo. A metodoloxía didáctica será activa e participativa, favorecendo o traballo individual do alumnado e o traballo cooperativo.

Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente o consumo responsable, o desenvolvemento sostible, a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

- 1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.
- 2º: Aprendizaxe funcional. Os novos conceptos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.
- 3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.
- 4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.
- Traballo en parellas.

ORGANIZACIÓN DO ESPAZO

As clases de bioloxía e xeoloxía de 1º terán lugar na aula de referencia do alumnado, e, no caso das prácticas, no laboratorio.

- Nas aulas de referencia, a distribución das mesas e do alumnado é realizada polo profesorado titor. En elas o alumnado está disposto en parellas. Isto permitirá o traballo en parellas, e xirar as mesas para traballo cooperativo en grupos de 4 de forma sinxela se a actividade o require.

- No laboratorio, o espazo é reducido, xa que soamente hai 4 mesas inmóbiles de 4 postos cada unha, é dicir, 4x4=16 postos. Debido a que os grupos son de 25 a 28 alumnos, para a realización das prácticas desdóbrase o grupo á metade.

ORGANIZACIÓN DOS TEMPOS

En cada sesión, dedicarase os 10 primeiros minutos a repasar e conectar os contidos da sesión coas sesións anteriores, 35 minutos a explicacións teóricas alternadas coa realización de actividades, e os 5 minutos finais para síntese do aprendido e organización das tarefas.

A secuenciación de cada unidade didáctica, así como o número de sesións, está recollido no apartado de "relación de unidades didácticas".

CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade, o Plan de hábitos saudables ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro dixital e actividades interactivas (NETEX); apuntamentos e actividades elaborados profesorado; recursos audiovisuais; ferramentas da horta e material de laboratorio.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases serán as aulas de referencia do alumnado, que están convenientemente equipados cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, e o de química, dotados do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

Tamén se realizarán actividades nos xardíns, na finca adxerida ao instituto e na horta escolar, dotada das ferramentas precisas para prácticas de campo.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro dixital NETEX ou apuntamentos elaborados polo profesorado e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada estudante.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba escrita inicial baseada en competencias e coceptos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	17	9	17	14	14	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

Nas distintas avaliacións parciais usarase os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

Probas escritas: Realizaranse entre unha e tres probas por avaliación. En cada avaliación calcularase a media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 70% da cualificación da avaliación.

No caso de non realizar dunha proba (por ausencia xustificada), esta realizarase o día da incorporación ao centro, salvo que o departamento considere un adiamento por razóns pedagóxicas.

O outro 30% vén definido polos criterios de avaliación que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintos instrumentos de avaliación (rúbricas e listas de cotexo) que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades (prácticas de laboratorio, traballos cooperativos e individuais, proxecto de investigación e actividades de aula). As producións do alumnado serán refrendadas cun rexistro do docente.

- Nos traballos individuais valoraranse distintos aspectos como: a corrección na realización, entrega en forma e prazo, uso de fontes bibliográficas, corrección ortográfica, emprego de vocabulario apropiado á unidade didáctica, claridade na presentación oral e autoría.

- Nos traballos grupais valoraranse as producións feitas en grupo cos mesmos criterios que para os individuais e ademais teranse en conta outros aspectos como: a distribución equitativa das tarefas do traballo e o respecto entre os membros do grupo.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN PARCIAL

Polo tanto, os pesos para o cálculo da cualificación final en cada unha das avaliacións estarán representados por:

70% probas escritas

30% táboas de indicadores

Para aprobar a avaliación a nota debe ser igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

No caso de ter non superar unha avaliación, o alumnado deberá recuperar os criterios de avaliación correspondentes a dita avaliación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

Na ESO realizaranse tres avaliacións parciais ordinarias e unha avaliación final. A sesión de avaliación final coincidirá coa sesión da terceira avaliación parcial.

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, ou das cualificacións obtidas nas correspondentes recuperacións no seu caso.

No caso de decimais na nota final da cualificación final as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

No boletín de notas indicaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN DUNHA AVALIACIÓN SUSPENSA:

Cando un alumno ou alumna non supere unha avaliación, propoñeranse actividades de reforzo que permitan alcanzala e realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada nos mínimos de consecución dos criterios de avaliación das unidades desenvolvidas nesa avaliación. As datas das probas escritas serán acordadas co alumnado.

A cualificación da recuperación será a nota da proba escrita salvo no caso de alumnado que suspende a avaliación tendo na media das probas escritas unha nota igual ou superior a 5. Neste caso, os criterios de cualificación serán os mesmos que para o cálculo de cada avaliación (70% proba escrita, 30% táboas de indicadores), e manterase a cualificación das probas e traballos superadas, e as tarefas de recuperación terán o peso (%) dos traballos suspensos. Con esta medida preténdese que o alumnado só deba recuperar os criterios de avaliación non superados, e non o total dos criterios da avaliación, pero poderá realizar a proba escrita de recuperación se o desexa poder acadar a máxima cualificación (10) na recuperación.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

No mes de xuño establecerase un período para a preparación das recuperacións e para a realización de actividades de reforzo e ampliación.

Cando un estudante teña algunha avaliación suspendida, terá a oportunidade de realizar unha proba global final baseada nos mínimos de consecución dos criterios de avaliación de todas as unidades correspondentes ás avaliacións non superadas. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A nota final será nese caso a cualificación de dita recuperación.

No caso de decimais na nota de recuperación de cada avaliación e da cualificación final as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para o alumnado que se atope cursando 2º, 3º ou 4º da ESO coa materia de bioloxía e xeoloxía de 1º de ESO suspendida tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o "Plan de reforzo para alumnado da ESO que pase de curso con materias sen superar" elaborado para tal efecto. Este programa de reforzo será titorizado pola profesora do departamento que lle dea clase, e no caso que ese ano non teñan ningunha materia do departamento levará o seguimento e a avaliación a xefa de departamento.

SEGUIMENTO:

Programarase unha reunión ao inicio de curso, na que se explicará o horario de titorías e os criterios de avaliación, e se entregarán as actividades establecidas no plan de pendentes de cada alumno/a. Para o seguimento se creará unha materia no Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) EDIXGAL a con todo o material preciso e se establecerá unha hora de titoría semanal para resolución de dúbidas e entrega de actividades.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN PARCIAL:

Os criterios de avaliación serán o referente fundamental para valorar o grao de adquisición dos obxectivos.

Os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

- 50% Boletín de actividades de recuperación

- 50% Proba escrita.

A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das avaliacións parciais. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DAS AVALIACIÓNS PARCIAIS:

Cando un estudante teña algunha avaliación suspensa, se establecerá un novo prazo de entrega do boletín de actividades como mecanismo de recuperación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL:

Se o alumnado non supera a avaliación final tras rematar a ampliación do prazo de entrega de boletíns, realizará unha proba escrita de recuperación dos criterios de avaliación das avaliacións non superadas recollidos no seu plan. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. No caso de decimais na nota de cada avaliación, as aproximacións faranse por defecto ao anterior número enteiro.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. Estas medidas seguirán as pautas e recomendacións establecidas polo departamento de orientación para cada caso concreto, e serán individualizadas. Segundo o caso estas medidas poden ser: reforzo positivo, supervisión do caderno e da axenda, realización de actividades de menor grao de dificultade, realización de actividades interactivas con autocorrección, comunicación coas familias con maior periodicidade, adaptar o tempo ou formato dos instrumentos de avaliación, adaptar os instrumentos de avaliación aos mínimos de consecución dos criterios de avaliación de ser o caso.

Neste curso, na materia de bioloxía e xeoloxía de 1º de ESO desdóbrase cada grupo 1 hora á semana para realizar as prácticas de laboratorio. Este desdoblamento permite ademais reducir a ratio de alumnado e facilitará a atención da diversidade de aula.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X		X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X	X	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Plantación de árbores	Plantación nos xardíns do instituto dos exemplares doados pola Estación fitopatolóxica Areeiro. Colabora o concello de Soutomaioir.	X		
Día de Rosalía	Plantación de especies autóctonas no ¿Souto de Rosalía¿ (finca lindeira ao instituto).		X	
Programa educativo sobre adolescencia Evax/Ausonia.	Sesión informativa sobre a puberdade e a menstruación.		X	
Obradoiro Plan Revitaliza: "Quen vive aí"	Observación e identificación de invertebrados do solo coa lupa binocular e claves dicotómicas.			X
Intermareal	Saída didáctica para coñecer a flora e fauna dun intermareal da contorna, xunto con proxecto competencial para proxecto marisqueo.			X
Feira de ciencias de Soutomaioir	Feira científica organizada polo concello. Participa alumnado voluntario			X

Observacións:

Cando se coñeza o programa Divulgaciencia ofertado polo Concello de Soutomaioir, valorarase incluír obradoiros e/ou roteiro medioambiental ofertados polo Concello de Soutomaioir.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Incorporación dos elementos transversais
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Análise e comentario co alumnado dos aspectos máis significativos derivados da corrección de probas, traballos...
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con dificultades de aprendizaxe na elaboración de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Colaboración das familias

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Dito seguimento será realizado en PROENS de cada unidade didáctica e ao finalizar o curso, e será avaliado trimestralmente nas reunións de departamento. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

9. Outros apartados

1. Coordinación co departamento de xeografía e historia para reparto de contidos e avaliación dos criterios de avaliación

En relación ao currículo, tras coordinarnos co departamento de xeografía e historia, os contidos de capas da terra, introdución á tectónica de placas, estrutura da atmosfera e distribución da auga no planeta, serán avaliados na materia de xeografía e historia, e os contidos de ciclo da auga, impactos ambientais na atmosfera e hidrosfera serán impartidos e avaliados na materia de bioloxía e xeoloxía. Se é necesario, faranse os cambios que se consideren oportunos para conseguir a mellor adaptación e coordinación en cada grupo en función da temporalización.